

INFORME DE SEGUIMIENTO DE PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2017-2018

ENTIDADE: CONCELLO DE LUGO

PERÍODO: SEGUNDO SEMESTRE DE 2018

I.- INTRODUCCIÓN

O artigo 24.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece que a Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira elaborará, semestralmente, un informe de seguimento da aplicación das medidas contidas nos plans económico-financeiros en vigor para as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

No caso de que o informe verifique que non se deu cumprimento ás medidas incluídas no plan e isto motivase o incumprimento do obxectivo de estabilidade, aplicaranse as medidas coercitivas do artigo 25.

II.- CARACTERÍSTICAS DO PLAN

O Concello de Lugo constatou un incumprimento da regra de gasto na liquidación do exercicio 2016, coas seguintes magnitudes:

- Capacidade de financiamento 3.877.381,76 €
- Incumprimento da regra de gasto: -4.015.351,32 €

Ante este incumprimento, o concello aprobou inicialmente un PEF 2017-2018 o 21 de decembro de 2017, e tal como establece o artigo 23.4 da citada Lei Orgánica de Estabilidade, foi remitido a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, que no exercicio das competencias en materia de tutela financeira dos Entes Locais, atribuída á Comunidade Autónoma no artigo 49.1 do seu Estatuto de Autonomía, aprobou este PEF de forma definitiva con data 26 de decembro de 2016.

O citado PEF indica que o incumprimento da regra de gasto foi debido a unha serie de circunstancias conxunturais e non estruturais:

- Expediente de expropiación iniciado en 2010, pero con recoñecemento de obrigas no ano 2016.
- Expedientes extraxudiciais de créditos que supoñen aumento respecto a este tipo de expedientes no ano 2015.
- Diferenzas na periodificación e imputación de determinados gastos de tracto sucesivo, que supuxeron que no exercicio 2016 se imputara un maior número de mensualidades, 13 ou incluso 14, fronte as 12 que son regra xeral.
- Gastos financiados con remanente de tesourería para gastos xerais.

Por outra banda, a liquidación do exercicio 2016 presenta unha capacidade de financiamento de 3.877.381,76 €, o que supón o 4,7% dos seus ingresos non financeiros, e un volume de débeda viva do 6,95% dos ingresos correntes.

Á vista do anterior conclúese no plan que o incumprimento da regra de gasto non se pode atribuír a un incremento estrutural do gasto, senón que é consecuencia de determinadas causas conxunturais que deron lugar á imputación orzamentaria de pagamentos no exercicio 2016 e que en todo caso excedían do importe do incumprimento.

Así, tendo en conta as causas do incumprimento e a situación económica da entidade, estímase que este incumprimento da regra de gasto xa vai ser corrixido no exercicio 2017, fundamentalmente por dúas circunstancias:

- As partidas de gasto máis elevadas que motivaron o incumprimento (expediente expropiatorio), como excepcionais que foron, non se van repetir no ano 2017, dando lugar a una redución efectiva do gasto.
- Produciuse durante este ano 2017 un reaxuste na periodificación e imputación temporal de determinadas partidas de gasto de tracto sucesivo, o que tamén suporá una redución do gasto imputable ao orzamento deste exercicio.

Estas reducións superan o exceso de gasto que determinou o incumprimento da regra de gasto, polo que non se considera preciso establecer ningunha medida estrutural para

corrixir o desequilibrio. Adicionalmente, prestarase unha especial atención para que as modificacións orzamentarias financiadas con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais non xeren incrementos de gasto que poidan impedir o cumprimento da regra de gasto.

III- MEDIDAS E PROXECCÍONS DO PLAN

O PEF aprobado non recolle medidas cuantificadas para corrixir o exceso de teito de gasto no período 2017 e 2018, xa que como se expuxo no punto anterior, de acordo coas previsións económico-orzamentarias formuladas no seu PEF, mantense unha capacidade de financiamento suficiente para garantir a estabilidade orzamentaria e a sostibilidade financeira no seu conxunto durante a vixencia do plan, así como o cumprimento da regra de gasto.

Resultado de todo isto, proxectábanse os seguintes **obxectivos no PEF aprobado**:

Liquidación 2017:

- Capacidade de financiamento: 10.709.653,62 €
- Cumprimento da regra de gasto cunha marxe de gasto sobre o teito máximo:
1.133.025,32 €

Liquidación 2018:

- Capacidade de financiamento: 2.466.591,99 €
- Cumprimento da regra de gasto cunha marxe de gasto sobre o teito máximo:
4.005.493,19 €

IV.- LIQUIDACIÓN 2018 E EXECUCIÓN DO PEF

Unha vez comprobada a información relativa á liquidación do orzamento do exercicio 2018, así como ao informe de seguimento realizado pola intervención municipal correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2018, a entidade presenta os seguintes resultados:

- Capacidade de financiamento: 12.293.249,45 €

- Cumprimento da regra de gasto fixada polo PEF cunha marxe de 7.643.524,17 € sobre un teito máximo de 74.086.400.

O encaixe no PEF vixente da liquidación do orzamento do exercicio 2018 presenta á súa vez os seguintes resultados:

| Concepto | Importe |
|--|---------------|
| LIQUIDACIÓN 2018 | |
| (A) Capacidade/Necesidade Financiamento da corporación Local | 12.293.249,45 |
| (B) Diferenza entre "Límite da Regra de Gasto" e o "Gasto computable" | 7.908.223,30 |
| (C) Nivel de Débeda Viva | 0,00 |
| | |
| OBXECTIVOS DO PEF PARA O EXERCICIO 2018 | |
| CUMPRIMENTO OBXECTIVO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA | |
| (D) Estabilidade orzamentaria: Capacidade/necesidade financiamento do PEF para o exercicio 2018(Form. 3.1 PEF) | 2.466.591,99 |
| (E) Cumprimento/incumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria fixado polo PEF para o periodo 2018 | 9.826.657,46 |
| Fórmula de cálculo: (E)=(A)-(D) | |
| | |
| CUMPRIMENTO OBXECTIVO REGRA DE GASTO | |
| (F) Gasto computable Liquidación 2018 | 66.442.875,83 |
| (G) Limite do Gasto no Financeiro previsto no PEF para 2018(Form. 3.2 PEF) | 74.086.400,00 |
| (H) Cumprimento/incumprimento do obxectivo da Regra de Gasto fixada polo PEF para 2018 | 7.643.524,17 |
| Fórmula de cálculo: (H)=(G)-(F) | |

CONCLUSIÓN

A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, como órgano de tutela, considera que, á vista dos datos sobre a liquidación do exercicio 2018, o concello presenta cumprimento da estabilidade orzamentaria respecto da capacidade prevista no seu PEF cunha marxe de 9.826.657,46 €.

En canto á regra de gasto, segundo os datos resultantes da liquidación do exercicio, presenta cumprimento dos obxectivos previstos no seu PEF cunha marxe respecto ao seu teito de gasto asignado no PEF de 7.643.524,17 €

Polo tanto, o PEF do concello de Lugo considérase cumprido á súa finalización.

Santiago de Compostela, xuño de 2019